

ABANCA e os empresarios da construción da Coruña alíanse para mellorar a eficiencia enerxética nos fogares

- O banco e a asociación asinan un convenio con alternativas de crédito para impulsar as reformas que contribúan ao mellor illamento térmico e aforro económico
- Os asociados gozarán de mellores condicións na contratación de produtos da entidade financeira galega

A Coruña, 07.11.2017. ABANCA e a Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (APECCO) veñen de asinar un convenio financeiro co obxectivo posto en impulsar, fundamentalmente a través do crédito, a mellora da eficiencia enerxética nos fogares e negocios da provincia.

O presidente dos construtores coruñeses, Diego Vázquez Reino, e o director territorial de ABANCA na Coruña, Gerardo Fuertes Ayerdi, rubricaron hoxe un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co tecido empresarial da Coruña.

O convenio facilita que os 160 empresarios da construción da Coruña asociados a esta organización accedan a unha ampla oferta financeira con condicións melloradas respecto ao mercado. Así, poderán contratar produtos como pólizas de crédito, préstamos persoais e hipotecarios, *leasing* mobiliario, anticipos, avais ou liñas de desconto comercial. De igual maneira, os empresarios poderán acceder ás liñas de financiamento oficial do ICO e Igape, así como aos programas de crédito canalizados a través da sociedade de garantía recíproca (Afigal).

O acordo garda un importante espazo para impulsar as obras que contribúan á mellora da eficiencia enerxética dos fogares e negocios, grazas ao Plan Activamos asinado coa Deputación da Coruña. Deste xeito, os interesados poderán contar con financiamento específico e en condicións máis atractivas para desenvolver obras que melloren o illamento térmico e o aforro enerxético.

Do mesmo xeito, os empresarios adheridos poderán acceder ás vantaxes que ofrece o novo Programa Cero Comisións de ABANCA, que permite deixar de pagar polo mantemento das contas e tarxetas, pero tamén polas transferencias, ingresos de cheques ou outros servizos habituais.

APECCO, constituída no ano 1977, é unha organización que agrupa a 160 empresas dedicadas ao sector da construción na provincia da Coruña. Ofrece aos seus asociados os servizos de Información, Formación y Asesoramento en temas relacionados co Sector da Construcción. Pola súa parte, ABANCA conta coa rede máis extensa de oficinas en Galicia e cunha oferta especializada para pemes, micropemes e autónomos.